




Grupo de Trabajo "Lugo, Cidade por un Comercio Xusto"
2015

Índice

1. Introducción.....	3
2. Comercio Xusto.....	4
3. Lugo, Cidade por un Comercio Xusto.....	6
4. Os produtos de Comercio Xusto e seus beneficios.....	9
5. Contacto.....	10
*Mapa de Cidades polo Comercio Xusto.....	11
** Outros programas.....	13



1. Introducción

Agora que se vai cumprir un ano dende a presentación da candidatura da nosa cidade como "Cidade polo Comercio Xusto", parécenos un bo momento para facer balance do conseguido e dos retos que aínda restan por acadar.

Durante estes meses, avanzamos na consecución dos criterios para poder converter Lugo nunha cidade "xusta", obtendo, por exemplo, o apoio do Concello e da Universidade e creando un dinámico grupo de traballo que ansía seguir medrando.

Tamén conseguimos que establecementos e restaurantes ofrezan produtos de Comercio Xusto e que mesmo participen nalgúns das actividades que dende o grupo de traballo se propoñen, como foi a celebración do Día Mundial do Comercio Xusto. A todos ele/as, moitas grazas!.

Non obstante, aínda faltan importantes pasos que dar, como é conseguir que as empresas da cidade se sumen á campaña, fortalecendo deste xeito, a súa responsabilidade social corporativa e tamén o ter a certeza de que cada vez son máis os cidadáns que coñecen a iniciativa e a apoian comprando produtos de Comercio Xusto e/ou participando das actividades de sensibilización.

A consecución do título de "Cidade Xusta" (o primeiro obtido por unha cidade galega) só terá sentido cando toda a cidadanía sexa consciente do importante dun consumo xusto para todos/as e polo tanto responsable tanto no social como no medioambiental.

O grupo de traballo formado por distintas persoas e asociacións como **Asemblea de Cooperación pola Paz, Bico de Grao, Mans Unidas e Fundación Taller de Solidaridad** asumimos este apaixonante reto coa certeza de que o camiño do éxito é sumar máis mans e voces que apoien este cambio de modelo de cidade por un máis xusto, sostible e solidario. Contamos que paga a pena.



Grupo de Traballo "Lugo Cidade por un Comercio Xusto"

Septembro, 2015

2. Comercio Xusto

O Comercio Xusto xorde a finais da década dos 60 como alternativa ao modelo comercial convencional. O seu principal obxectivo é a loita contra a pobreza e o desenvolvemento das comunidades máis vulnerables, sometidas, por un lado, ás relacións de intercambio desiguais e ás políticas proteccionistas inxustas, e por outro lado, ao abuso do sistema de produción actual baseado na explotación dos/as traballadores/as.

"O Comercio Xusto é un sistema comercial baseado no diálogo, a transparencia e o respecto, que busca unha maior equidade no comercio internacional, prestando especial atención a criterios sociais e ambientais. Contribúe ao desenvolvemento sostible ofrecendo mellores condicións comerciais e asegurando os dereitos de produtores/as e traballadores/as desfavorecidos, especialmente no Sur" (Organización Mundial do Comercio Xusto, WFTO)

O Comercio Xusto é tamén unha ferramenta de cooperación ao desenvolvemento que permite aos produtores/as vivir de forma digna. As importadoras especializadas en Comercio Xusto, mercan produtos de alimentación, téxtiles e manufacturas artesás baseando os prezos no custo real de produción e garantindo unhas condicións laborais dignas e un sistema de produción máis respectuoso co medio.

A través da venda dos produtos, as organizacións de Comercio Xusto, queren asegurar un apoio económico que permita ás comunidades de produtores/as atender as necesidades principais da poboación local e desenvolverse por si mesmas a partir do froito do seu traballo.



#PRINCIPIOS

- ✓ Creación de oportunidades para grupos produtores/as desfavorecidos/as
- ✓ Transparencia e funcionamento democrático para beneficiar as necesidades básicas das comunidades produtoras e aos/as consumidores/as
- ✓ Relación comercial equitativa e a longo prazo cos produtores/ as
- ✓ Prezo Xusto aos produtores/as que cubra os custos dunha produción e un modo de vida digno.
- ✓ Ausencia de explotación laboral infantil e traballo forzoso
- ✓ Equidade de xénero e compromiso de non discriminación
- ✓ Condicións laborais dignas, protexendo os dereitos humanos e dos traballadores/as.
- ✓ Construción de capacidades e asistencia para os grupos produtores/as desfavorecidos/as
- ✓ Información, promoción e sensibilización sobre Comercio Xusto
- ✓ Coidado do medio ambiente



3. Lugo, Cidade por un Comercio Xusto



Unha Cidade polo Comercio Xusto é un modelo de localidade que achega os produtos de Comercio Xusto á cidadanía a través das **administracións, comercios, empresas e tecido asociativo**.

No ano 2001 a cidade de Gartangen Inglaterra foi declarada a primeira Cidade polo Comercio Xusto do Mundo.

Esta iniciativa foi desenvolvida por un grupo de voluntarios dunha ONG de Comercio Xusto que axudaron a inserir produtos de Comercio Xusto en diferentes espazos da cidade: colexios, empresas, tendas, cafeterías, restaurantes.... Na actualidade hai máis de **1000 localidades**

en todo o mundo co título de Cidades polo Comercio Xusto, e xa hai 19 países, o Norte e Sur, implicados na rede. O título xa foi entregado ás capitais de Inglaterra (Londres), Francia (Paris), Bélxica (Bruxelas) ou Australia (Melbourne), e a outras localidades máis pequenas de Costa Rica (Pérez Celedón), Canadá (Wolfville) ou EUA (Media).

En España, as cidades de Córdoba, León, Madrid, Laredo (Cantabria), Porto Real (Cádiz) e Torrelavega (Cantabria) xa teñen esta distinción, e outras localidades están a traballar moi activamente para logralo como son Albacete, Burgos, Huelva, Málaga, Cáceres e Zaragoza.

#CRITERIOS

Para conseguir o status de Cidade polo Comercio Xusto débense cumprir 5 criterios:

1. Aprobar unha resolución favorable ao Comercio Xusto e ao consumo deste tipo de produtos por parte do Concello.
2. Ofrecer produtos de Comercio Xusto en cafés, restaurantes e tendas da cidade.
3. Compromiso do sector privado e organizacións introducindo este tipo de produtos no seu consumo interno.
4. Comunicación e sensibilización á cidadanía.
5. Creación dun grupo de traballo que coordine o programa.

#COMO FACELO?

HOSTALARÍA + DETALLISTAS:



- Incluindo produtos de Comercio Xusto na súa oferta como café, cacao, azucre de cana, té ou infusións.
- Ofrecendo pratos e tapas elaborados con produtos de Comercio Xusto.

EMPRESAS

- Ofrecendo produtos de Comercio Xusto nas oficinas (máquinas expendedoras con café xusto, galletas, petiscos, chokolatinas...)
- Incorporando produtos de Comercio Xusto no catering dos eventos , utilizando merchandising de Comercio Xusto en conferencias, congresos etc, regalando cestas por Nadal que inclúan produtos de Comercio Xusto, mercando material de oficina e material promocional de Comercio Xusto.

ADMINISTRACIÓNS

- Esixindo/valorando a subministración de produtos de Comercio Xusto nos contratos públicos de cafetería, máquinas expendedoras ou restauración.
- Optando por alternativas de Comercio Xusto para os materiais promocionais (camisetas, bolsas, papelería, caramelos na cabalgata de Reis....)
- Adquirindo produtos de Comercio Xusto para material de oficina (bolígrafos, papel, cadernos, axendas, calendarios...)
- Apoando campañas de sensibilización e información en Comercio Xusto e consumo responsable.
- Adquirindo uniformes de traballo elaborados en talleres de Comercio Xusto.

#LUGO

Actualmente, Lugo, é cidade **candidata** ao título de “Cidade polo Comercio Xusto”. Aquí pódese ver un cadro resumo do conseguido ata agora na nosa cidade:

CRITERIO	INDICADOR PARA LUGO	CONSEGUIDO
Compromiso institucional e iniciativas de COMPRA PÚBLICA ÉTICA	- Presentación dunha declaración institucional favorable ao desenvolvemento de actuacións a prol do Comercio Xusto - Esixencia dun contrato ou concesión + 2 compras ou contrato sen licitación que inclúan criterios de Comercio Xusto	- Declaración asinada o 3 de Novembro do 2014 - X Contrato + máis de 2 compras de produtos de Comercio Xusto
Accesibilidade aos produtos de Comercio Xusto	- 10 establecementos (minorista, súper ou hipermercado) que oferte polo menos 3 produtos de Comercio Xusto - 5 establecementos ou máquinas expendedoras con produtos de Comercio Xusto	- 6 establecementos na cidade ofertan polo menos 3 produtos de Comercio Xusto. - 6 establecementos de restauración mais a lo menos 1 máquina expendedora ofertan 3 produtos de Comercio Xusto.
Compromiso da comunidade empresarial, sociedade civil e comunidade educativa	- 2 empresas que realicen compras de produtos de Comercio Xusto ou actividades de difusión/promoción - 2 organizacións - 1 centro educativo	- 1 empresa comprometida coa compra de produtos de Comercio Xusto - 5 organizacións apoian o Comercio Xusto a través de actividades de sensibilización - 4 centros educativos compran produtos de Comercio Xusto
Accións de sensibilización e comunicación dirixidas á cidadanía	- 4 accións de comunicación (novas en prensa, redes sociais...) - 4 actividades de difusión/sensibilización (Día Mundial Comercio Xusto, Nadal...)	- Máis de 4 novas e actualizacións en redes sociais. - Máis de 4 actividades de difusión (Presentación da Campaña, DMCX, Magosto Asociativo...)
Creación dun grupo de traballo local	Grupo de traballo conformado por asociacións, empresas, entidades do sector público, centros educativos e persoas a título individual	A Cova da Terra, Asemblea de Cooperación pola Paz, Bico de Grao, Manos Unidas e Fundación Taller de Solidaridad forman parte deste grupo.

4. Os produtos de Comercio Xusto e os seus beneficios

#PRODUTOS

A oferta de produtos e as canles de distribución vanse ampliando á vez que o fai o movemento. Hoxe en día, podemos encontrar unha ampla variedade de produtos de Comercio Xusto en alimentación, papelería, artesanía, téxtil, cosmética, etc. Son produtos de calidade, elaborados de forma artesanal ou semi-artesanal de maneira que o seu impacto sobre o medio é menos prexudicial.

Para recoñecer que un produto é de Comercio Xusto temos dúas opcións:

A certificación mediante o **selo FLO** ou a acreditación a través dos establecementos que o ofrecen (que previamente os adquiriron a organizacións membro da **Coordinadora Estatal de Comercio Xusto**).



#BENEFICIOS

Os nosos hábitos de consumo falan de nós. Din que valores queremos defender e mostran que intereses perseguimos.

O Comercio Xusto, ademais de constituir un sistema de intercambio **ÉTICO**, é un medio eficaz para erradicar a pobreza e impulsar un desenvolvemento sostible

Os **CONSUMIDORES** obteñen produtos de calidade coa garantía de que se respectaron os dereitos dos traballadores/as e o medio. Ademais, o Comercio Xusto ofrece unha vía de cooperación ao alcance de todos, xa que no momento que eliximos consumir produtos con garantía de xustiza social, convertémonos en axentes activos de desenvolvemento.

A compra de produtos de Comercio Xusto por parte das **EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS** supón unha alternativa sostible que permite mellorar a súa ética institucional e a súa responsabilidade social, converténdose tamén en axentes de cooperación internacional.

5. Contacto

O grupo de traballo "Lugo, Cidade por un Comercio Xusto" está formado por persoas a título individual e as asociacións Asemblea de Cooperación pola Paz, Bico de Grao, Mans Unidas e Fundación Taller de Solidaridad.

Podes contactar connosco a través do correo electrónico: lugoxusta@gmail.com ou no teléfono 982.804.736

Para máis información sobre a campaña podes visitar <http://www.ciudadajusta.org/> ou seguirmos a través do Facebook LUGO XUSTA



MAPA DE CIUDADE POLO COMERCIO JUSTO

CIUDAD	CCAA	ESTADO DE LOS CRITERIOS					STATUS DE CIUDAD POR EL COMERCIO JUSTO
		C1: Resolución del Ayto	C2: Cafés y Comercios	C3: Empresas y comunidad educativa	C4: Comunicación	C5: Grupo de Trabajo	
Albacete	Castilla la Mancha						
Amurrio	Euskadi						
Arrasate	Euskadi						
Bilbao	Euskadi						
Burgos	Castilla y León						
Cáceres	Extremadura						
Córdoba	Andalucía						
Cuenca	Castilla-La Mancha						
Donostia-San Sebastián	Euskadi						
Espejo	Andalucía						
Fuenlabrada	Madrid						
Getxo	Euskadi						
Hernani	Euskadi						
Huelva	Andalucía						
Irún	Euskadi						
Laredo	Cantabria						
Las Palmas de Gran Canaria	Islas Canarias						
Leganés	Madrid						
Legazpi	Euskadi						
León	Castilla León						
Mahón	Islas Baleares						
Mallorca	Islas Baleares						
Madrid	Madrid						
Málaga	Andalucía						
Puente Genil	Andalucía						
Orihuela	Comunidad Valenciana						
Puerto Real	Andalucía						
Rivas	Madrid						

San Sebastián de los Reyes	Madrid						
Santa Cruz de Tenerife	Islas Canarias						
Teresa	Castellón						
Torrejón de Ardoz	Madrid						
Torrelavega	Cantabria						
Torre Vieja	Valencia						
Valladolid	Castilla y León						
Zaragoza	Aragón						
Zarautz	Euskadi						

-  Status de Ciudad por el Comercio Justo
-  Criterio cumplido
-  En proceso



OUTROS PROGRAMAS

Os seguintes programas, inscríbense dentro do programa europeo Cidade polo Comercio Xusto, coordinado a nivel estatal pola organización de Comercio Xusto IDEAS, que ten o respaldo da Comisión Europea e da AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento).

Universidade polo Comercio Xusto

Unha Univesidade polo Comercio Xusto é unha universidade comprometida co Comercio Xusto o que significa: :

1. Usar produtos de Comercio Xusto tanto como é posible.
2. Realizar actividades de divulgación do Comercio Xusto dentro do centro e fóra del.
3. A Universidade recibe un recoñecemento polo seu compromiso.
4. Contribuír a facer do mundo un lugar máis xusto.

No 2003 entregouse por primeira vez este status á Universidade de Oxford, e ata o 2009 xa tiñan esta distinción máis de 75 universidades, entre as que se encontra a Universidade de Jaén.

Centros Educativos polo Comercio Xusto

É un Centro educativo comprometido co Comercio Xusto o que significa:

1. Estar sensibilizado coa temática do Comercio Xusto.
2. Usar produtos de Comercio Xusto tanto como é posible.
3. Informar como funciona o comercio global e a importancia do Comercio Xusto como ferramenta para reducir as desigualdades provocadas por este.
4. Apoiar as campañas de Comercio Xusto que se realicen na localidade.
5. Realizar actividades de divulgación do Comercio Xusto dentro e fóra do Centro Educativo.
6. O Centro Educativo recibe un recoñecemento do seu compromiso: o status Centro Educativo polo Comercio Xusto.
7. Contribuír a facer do mundo un lugar máis xusto.

Foro Empresarial de Cidades polo Comercio Xusto

As empresas son un actor clave na cooperación para o desenvolvemento e na loita para a erradicación da pobreza. É tamén un elemento imprescindible para que unha localidade consiga ser recoñecida co diploma de Cidade polo Comercio Xusto.

O Foro Empresarial ten un carácter estatal e está aberto a toda compañía que desexe desempeñar un papel na loitar contra a pobreza a través do Comercio Xusto e que cumpran cos principios de colaboración co sector empresarial de IDEAS.

As empresas adheridas ao Foro establecen as liñas de actuación, compromisos e tempos que poden adquirir no fomento do Comercio Xusto.

Co fin de facilitar diferentes liñas de colaboración empresarial co Comercio Xusto, estableceuse o Decálogo Empresarial polo Comercio Xusto.

Os participantes do Foro buscarán cumprir polo menos 2 criterios do decálogo:

- Ofertar produtos de Comercio Xusto permanentemente nas máquinas de vending da empresa.
- Incorporar produtos de Comercio Xusto permanentemente na cafetería /comedor /roupa do persoal da empresa.
- Realizar ou participar nas actividades de difusión e sensibilización do Comercio Xusto a nivel interno e/ou externo.
- Se a empresa é de distribución, que ofrezca polo menos 3 produtos de Comercio Xusto. Se é do sector da restauración que ofrezca como mínimo 2 produtos de Comercio Xusto aos seus clientes.
- Adquirir produtos de Comercio Xusto nos materiais promocionais que realicen (caramelos, camisetas, bolsas,...)
- Usar produtos de Comercio Xusto nos regalos institucionais (cestas de Comercio Xusto, premios etc).
- Implantar actividades de sensibilización do Comercio Xusto nos programas de voluntariado corporativo.
- Incorporar o Comercio Xusto nas políticas de RSC da empresa.
- Participar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento relacionados co Comercio Xusto nos países en vías de desenvolvemento.
- Establecer un convenio de colaboración cunha das ONGD's colaboradoras de Cidades polo Comercio Xusto para asesorar e acompañar no proceso de implicación empresarial co Comercio Xusto.

Estes compromisos deben manterse de forma continuada no tempo. Nos casos nos que as empresas desexan adquirir outro tipo de compromiso co Comercio Xusto, consensuarase con IDEAS ou os axentes colaboradores de Cidades polo Comercio Xusto.

